


A escrita da sede

ARMANDO REQUEIXO
armandorequeixo@hotmail.com



AS ASURAS
LUÍS VALLE

Editorial Barbantesa, 2023

evo anos seguindo a traxectoria poética de Luís Valle, un autor que ten dado xa á nosa literatura obras de moito mérito. Lembro aquí *A caída* (2009), *Fedor* (2011), *Caderno do mendigo* (2011), *As cicatrices do Sol* (2015), *Trona, o merlo* (2015), *Para que eu beba* (2017), *Óstraka* (2019) e *Alianza* (2022), aos que cómpre sumar valiosos textos en castelán, como, por exemplo, o recente *Causa de nieve* (2021).

A todos estes títulos súmase agora *As asuras*, unha obra que ve luz no que vén sendo o seu selo de cabeceira dos últimos anos, Barbantesa, dirixido pola tamén autora Penélope Pedreira.

As asuras é, como un dos paratextos do libro indica, "un poema sobre a epilepsia e a derruba do edificio psíquico. Poesía nos lindes do desposuímento, a febre e o tremor".

En efecto, todo iso e máis acubillan estas páxinas, dunha arquitectura versal singular, pois preséntanse como un longo e único poema con estacións mínimas marcadas por un rexistro horario.

Son pois, relanzos ou flashes nos que abrolla o dicir para contar un mundo, un universo propio que comeza, xustamente, no momento de nacemento do poeta: "Catorce de xullo de mil novecentos sesenta e sete, xoves. Nacer á morte tal día coma hoxe. As pálpebras alasan fatigadas pola luz. Só o galo canta, e só canta unha vez".

A partir dese momento o autor rexistra as mil e unha percepcións, sentimentos e reflexións que xorden das vivencias en recordo, a memoria que vai tradeando o espírito para conformalo.

Entre esas realidades que son arxila poética está, xaora, a afección que o leva ás tomas do Tegretol, pero tamén unha enxurrada de alusións palimpsestísticas que desfilan polos versos e fan destes un mapamundi de lecturas, un inacabable diálogo con outros autores e coas máis diversas referencias históricas e culturais. Velai as rúas de Maguncia, as sabas de Rorschach, o soño da Sibila, o pavillón número 5 do hospital de Lainz, os lenzos rotos de Chagall, a lingua de Lot, os cans de Vilna e as gatas de Bizancio, a mosca de Herodoto, a calor dos patios en San Andrés Tuxtla e os zopilotes devorando en segredo o ceo das pombas de Dodona, a boca de Aretusa, a lúa brunida polo Sena, a pomba de Arquitas, Perséfone e Melusina, o liño arxivo, as lámpadas de ouro no Cottolengo, Mantegna



O autor Luís Valle

...estas páxinas dunha arquitectura versal singular, pois preséntase como un longo e único poema con estacións mínimas marcadas por un rexistro horario.

As asuras, como o seu propio nome indica, é un poemario da sede, unha escrita febril, de temperatura abrasadora que fai que a lectura fure a cerna dos ósos...

pintando a verdade do corpo, a man do Cristo de Bramante ou o Helicón, entre moitísimas outras.

Neste país de palabras de Valle imperan os pródromos, os ceos, a febre, as sílabas e os soles, símbolos poderosos que van tecendo, a cada outros, todo este tapiz de versos e imaxes, de sintagmas corcosidos que por veces se debrocan no surreal e en moitas ocasións aceiran nunha estética conceptual visionaria, tal un delongado canto salmódico, un esconxuro preciso para espaventar

as sombras, a disolución, o nada, os témeros ecos da afasia.

Porque *As asuras*, como o seu propio nome indica, é un poemario da sede, unha escrita febril, de temperatura abrasadora que fai que a lectura fure a cerna dos ósos, unha epifanía que nos abre á comprensión dos límites do corpo e do ser.

Atrévanse con este poemario, crucen o seu deserto, sintan como, ao final da lectura, a revelación se produciu. A ese desafío nos convida Luís Valle. Na súa man está aceptalo.